



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

## CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO *MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN* ENTRE OS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN E VEDRA, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL

No Concello de Boqueixón, na data da sinatura electrónica.

### REUNIDOS:

Don Manuel Fernández Munín, alcalde de Boqueixón e Don Carlos Martínez Carrillo, alcalde de Vedra.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración para a xestión do investimento *MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN*, conforme á Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (código de procedemento PR483D) (DOG núm. 16, 25/01/2022) e para o efecto:

### EXPOÑEN:

**PRIMEIRO.** A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

**SEGUNDO.** O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

**TERCEIRO.** O artigo 15.4 da Lei 40/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

**CUARTO.** O artigo 26 LRBRL dispón que os municipios por si ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de proxectos e actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial e o artigo 81 LALGA



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

pronúnciase en termos semellantes. Establécense en **Anexo I** os servizos que se asocian e que afectan directa e expresamente ó proxecto MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS A GUNDIÁN.

**QUINTO.** A lexislación sectorial relativa ao servizo que se pretende prestar establece que os Concellos son competentes para promover, prestar e xestionar actividades e nos termos establecidos nas leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade de administración local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecendo esta última que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Concretamente o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, indica que *“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.*

*2. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:*

a) ...

d) *A ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; **os parques e xardíns**; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.*

e) ...

f) **A protección do medio ambiente.**

p) ...”

O artigo 86 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, indica que *“Para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en particular, as relativas a:*

a) *A educación.*

b) *A cultura, a xuventude e o deporte.*

c) *A promoción da muller.*

d) *A vivenda.*

e) *A atención primaria á saúde.*

f) *A ocupación e a loita contra o paro.*

g) *Os arquivos, museos, conservatorios de música e centros de belas artes.*

h) *O fomento das estruturas agrarias e a prestación de servizos de interese público agrario.*

i) **A protección do medio ambiente.**

*2. Para a realización destas actividades, os municipios poderán exercer as potestades de execución que no estean atribuídas pola lexislación a outras Administracións Públicas, incluída, no seu caso, a de ditar regulamentos internos de organización dos correspondentes servizos.”*

**SEXTO.** A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar á veciñanza actuacións de investimento de acondicionamento e mellora da ruta de sendeirismo que une Ponte Ledesma con Ponte Ulla, entre os lugares de Donas e o miradoiro de Gundían que transcorre por unha zona con valores ambientais, e que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

**SÉTIMO.** Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

**OITAVO.** Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

**NOVENO.** Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado **o principio xeral de colaboración interadministrativa**.

**DÉCIMO.** Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN A XESTIÓN COMPARTIDA para o desenvolvemento do Proxecto **MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN**, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

#### **CLÁUSULAS:**

##### **PRIMEIRA. Obxecto.-**

Créase unha agrupación entre os Concellos de Boqueixón e Vedra para colaborar na xestión compartida do investimento **MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN**, conforme á Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 16, 25/01/2022).

##### **SEGUNDA. Ámbito territorial.-**

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos termos municipais dos concellos de Vedra e Boqueixón.



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

### TERCEIRA. Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles.

### CUARTA. Xestión compartida do servizo.

A xestión do investimento **MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN** será realizada polo concello de Boqueixón e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etcétera), o que suporá as tramitacións administrativas seguintes:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante Dirección Xeral da Administración Local de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Tramitación do expediente de contratación do investimento.
- Xustificación posterior dos investimentos.

Este acto de xestión compartida non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade de cada un dos concellos asinantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da xestión compartida.

Para o correcto funcionamento do investimento, cada concello aportará persoal propio para o correcto mantemento e conservacións da ruta e da ponte unha vez executada o proxecto.

### QUINTA. Compromisos adquiridos polo concello de Boqueixón.

Coa sinatura do Convenio de colaboración o Concello de Boqueixón asumirá os compromisos seguintes:

- 1 O Concello de Boqueixón será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (Dirección Xeral de Administración Local), como os relativos ao expediente de contratación e seguimento da execución do conxunto dos investimentos.
- 2 Facúltase ao concello de Boqueixón para que represente aos concellos asinantes deste acordo tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos.
- 3 Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 16, 25/01/2022)

4 Comprometerse a respectar o destino dos investimentos subvencionados por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.

5 Así mesmo o concello de Boqueixón comprométese a facilitar toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se estea a tramitar ao abeiro deste convenio.

6 Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7 Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

#### **SEXTA. Compromisos asumidos polo Concello de Vedra**

Coa sinatura do Convenio o Concello de Vedra asumirá os compromisos seguintes:

1 Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitará toda a documentación esixida na Orde de convocatoria de axuda da Dirección Xeral de Administración Local.

2 Igualmente asumirse a realización das xestións pertinentes antes os organismo que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario para o uso dos investimentos de xeito proporcional ao seu uso. Concederáse, se é o caso, as preceptivas autorizacións administrativas para proceder á realización do investimento. De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de Boqueixón, aos efectos de constancia no expediente correspondente.

3 Con respecto á tramitación do expediente de contratación e dado que será o concello de Boqueixón quen xestione e execute os expedientes de licitación, nos Tribunais que, no seu caso, se constituán, se designará a un membro en representación do concello de Vedra para integrala.

4 Transferir a parte proporcional que lle corresponda no investimento do proxecto segundo o cadro que se recolle na cláusula sexta, unha vez que se conceda a subvención para realizar a oportuna retención de crédito orzamentaria. Aos efectos de certificación da existencia de crédito no inicio do expediente de contratación por parte do Concello representante, se non se efectúa a transferencia cos fondos, deberase achegar unha certificación emitida pola Secretaría-Intervención ou intervención municipal de existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte á contía total do investimento que lle corresponde ao concello en cuestión. En todo caso, a transferencia dos fondos deberase realizar unha vez comunicada a aprobación das facturas por parte do Concello de Boqueixón.

5 Asumir todas as condicións e prescricións da Orde do 29 de decembro de 2021, anteriormente mencionada.

6 Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.

7 Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8 Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

#### **SÉTIMA. A Comisión mixta. Coordinación.**

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírase unha Comisión





Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

#### CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Concelleiro de Economía e Facenda

Concelleiro de Servizos Xerais, Seguridade, Medio Ambiente, Vías e Obras

#### CONCELLO DE VEDRA:

Concelleiro de obras e servizos

Concelleiro de Servizos de Saneamento, Abastecemento e desenvolvemento rural

A comisión mixta poderá constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas de forma presencial ou a distancia.

De cada sesión que se celebre o/a secretario/a levantará acta, na que especificará os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo no que se celebre, os puntos principais das deliberacións, a súa como o contido dos acordos adoptados.

A Comisión Mixta rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do 30/1992, do réxime xurídico do Sector Público. A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión do servizo.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Por un período de 5 anos a Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento para o mantemento conxunto do servizo e dará traslado a cada concello.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

#### OITAVA. Medios persoais e materiais.

O concello de Boqueixón para a execución do investimento realizará a contratación conforme a normativa de contratación do sector público. E os concellos de Boqueixón e Vedra porán os medios persoais e materiais necesarios para o bo desenvolvemento do proxecto.

#### NOVENA. Subvencións e axudas.

Para a xestión do servizo solicitouse axuda a través da Orde do de 29 decembro de 2021 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D). DOG. núm. 16 do 25 de xaneiro de 2022

Calquera outra solicitude e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos farase constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes, que para este proxecto é o Alcalde do Concello de Vedra, Carlos Martínez Carrillo.

#### **DÉCIMA. Financiamento.**

Os concellos de Boqueixón e Vedra comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo Secretario-Interventor do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Por un período de 5 anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse ás aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento para o mantemento do servizo xestionado de xeito compartido. A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento para o mantemento conxunto do servizo e dará traslado a cada concello.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse ás aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido. A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

#### **O reparto será a partes iguais, e dicir, cada concello ten unha porcentaxe de financiamento equivalente ó 50% da achega municipal.**

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento dá finalidade e certificado do secretario dá relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

En **Anexo II** establécense os compromisos a adoptar por cada un dos concellos participantes no proxecto e que se corresponden con:

- **Os compromisos de execución asumidos por cada membro da asociación.**
- **Os importe e porcentaxes de financiamento.**
- **Compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.**



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

### **DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución.**

O convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha dás estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia do Convenio.**

O convenio quedará automaticamente sen vigor no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita da Dirección Xeral de Administración Local.

No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será de 5 anos a contar dende a sinatura do convenio.

### **DÉCIMO TERCEIRA. Interpretación e incumprimentos.**

O convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto. As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello. No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións. Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas substanciaranse na orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes. Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.





Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

## ANEXO I

Servizos a cubrir de xeito conxunto por parte dos Concellos de Boqueixón e Vedra, en relación ao proxecto **MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN** subvencionado co Fondo de Compensación Ambiental 2022:

- Auga
- Lixo
- Limpeza
- Mantemento de vías públicas
- Bombeiros
- Protección civil
- Transporte público
- Uso de determinadas instalacións (xestión común de instalacións deportivas)
- Outros susceptibles de prestación en forma de colaboración polos concellos:**

Os Concellos de Boqueixón e Vedra veñen realizando un esforzo en materia medioambiental dende fai dúas décadas, concretamente preténdese cubrir as seguintes necesidades:

x *Manter o acondicionamento* para protección e conservación da ruta de sendeirismo que une Ponte Ledesma (Illas de Gres) con Ponte Ulla, entre os lugares de Donas e o miradoiro de Gundián, nos concellos de Boqueixón e Vedra, obxecto da axuda económica.

x Contribuír durante todo o ano á mellora desta ruta entre de Boqueixón e Vedra para o disfrute da poboación mediante o uso do roteiro de sendeirismo e o respecto polo contorna e o medioambiente e como beneficio da saúde.

X Por un período de 5 anos a Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento para o mantemento conxunto do servizo e dará traslado a cada concello.

x *Propiciar que os cidadáns se impliquen e participen activamente na conservación deste entorno*, coa realización de campañas de reciclaxe, reparto de bolsas de papel, utilización dos puntos limpos situados en Sergude e Fornelos, xornadas sobre o cambio climático e o aforro enerxético, contedores de reciclaxe en todas as parroquias, saneamento en case a totalidade do municipio, etc.

x *Desenvolver tarefas de prevención e detección de incendios forestais*, en coordinación coa campaña de vixancia forestal que os Concellos pon en marcha durante os meses de verán.



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

## ANEXO II

Compromisos a adoptar por cada un dos concellos participantes no proxecto:

### 1 Compromisos de execución asumidos por cada membro da asociación:

Coa sinatura deste convenio o CONCELLO DE VEDRA asumirá os seguintes compromisos:

- 1º) Con respecto á tramitación do expediente da subvención (solicitud e xustificación, requirimentos, etcétera), facilitará toda a documentación esixida na Orde da convocatoria de axuda da Dirección Xeral de Administración Local
- 2º) Transferir a parte proporcional que lle corresponda no investimento do proxecto segundo se recolle na cláusula décimo primeira.- Financiamento, unha vez que se conceda a subvención para realizar a oportuna retención de crédito orzamentaria. Aos efectos de certificación da existencia de crédito no inicio do expediente de contratación por parte do Concello representante, se non se efectúa a transferencia cos fondos, deberase achegar unha certificación emitida pola secretaría-intervención ou intervención municipal de existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte á contía total do investimento que lle corresponde ao concello en cuestión. En todo caso, a transferencia dos fondos deberase realizar unha vez comunicada a aprobación das facturas dos equipamentos e servizos prestados por parte do Concello de Vedra.
- 3º) Asumir todas as condicións e prescricións da Orde do 29 de decembro de 2021, dentro da liña de subvencións contemplada no artigo 3.1.b), subvencións de natureza competitiva, con código de procedemento PR483D\_Subvencións en concorrencia competitiva a entidades locais.
- 4º) Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.
- 5º) Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6º) Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

Coa sinatura do presente Convenio o CONCELLO DE BOQUEIXÓN asumirá os compromisos seguintes:

- 1º) Con respecto á tramitación do expediente de solicitud e xustificación de subvención, facilitará toda a documentación esixida na Orde de convocatoria de axuda da Dirección Xeral de Administración Local.
- 2º) Con respecto á tramitación do expediente de contratación e dado que será o Concello de Boqueixón quen xestione e execute os expedientes de licitación, nos Tribunais que, no seu caso, se constituían, se designará a un membro en representación do Concello de Vedra para integrala.
- 3º) Transferir a parte proporcional que lle corresponda no investimento do proxecto segundo se recolle na cláusula décimo primeira.- Financiamento, unha vez que se conceda a subvención para realizar a oportuna retención de crédito orzamentaria. Aos efectos de certificación da existencia de crédito no inicio do expediente de contratación por parte do Concello representante, se non se efectúa a transferencia cos fondos, deberase achegar unha certificación emitida pola secretaría-intervención ou intervención municipal de existencia de



Concello de Boqueixón



Concello de Vedra

crédito adecuado e suficiente para facer fronte á contía total do investimento que lle corresponde ao concello en cuestión. En todo caso, a transferencia dos fondos deberase realizar unha vez comunicada a aprobación das facturas por parte do Concello de Boqueixón.

- 4º) Asumir todas as condicións e prescricións da Orde do 29 de decembro de 2021, anteriormente mencionada.
- 5º) Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.
- 6º) Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7º) Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

## 2 Importes e porcentaxes de financiamento:

O presuposto para a execución do investimento Mellora da ruta de sendeirismo de Donas a Gundián ascende á cantidade total de 60.000 € (impostos incluídos).

A porcentaxe e o importe de participación de cada concello no orzamento total do proxecto e é a seguinte:

Proxecto <i>MELLORA DA RUTA DE SENDEIRISMO DE DONAS E GUNDIÁN</i>	% de participación no orzamento total do investimento	Importes de participación no orzamento total de proxecto (impostos incluídos)
Concello de Boqueixón	17,50 %	10.500,00 €
Concello de Vedra	17,50 %	10.500,00 €
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	65,00 %	39.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>100,00 %</b>	<b>60.000,00 €</b>

## 3 Compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

Dado que a subvención é do 65% dos investimentos subvencionables, os concellos asumen o 35% restante en función da seu porcentaxe de participación. Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos segundo a seu porcentaxe de participación.